

*Edicto*

Quedando definitivamente aprobada a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Excmo. Concello de O Valadouro, segundo acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2009, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, faise público o texto da ordenanza para a súa entrada en vigor:

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE O VALADOURO.**

**Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

1.- No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo coa Lei Galega de Servizos Sociais 13/2008, do 3 de decembro, coa Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar e o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello, acórdase o establecemento do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF), que se rexerá pola presente ordenanza.

2.- O seu obxecto é regular o financiamento mixto Administración-Usuario/a do SAF que se preste por este Concello en colaboración ou non coa Xunta de Galicia e coa Excm. Deputación Provincial de Lugo, co fin de garantir a universalización dos servizos e a implicación dos/as cidadáns/ás nos mesmos.

**Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.**

1.- Constitúe o feito imponible a prestación do SAF, e que consiste nunha prestación de carácter complementario e transitorio, realizada, preferentemente, no domicilio persoal ou familiar, que proporciona mediante persoal cualificado e supervisado, unha serie de atencións preventivas, formativas, asistenciais e rehabilitadoras a individuos/as e familias con dificultades para permanecer no seu medio habitual.

2.- A prestación dos diversos servizos requirirá o previo informe favorable do/a traballador/a social e aprobación polo Concello. Os requisitos esixibles para ter dereito á prestación dos servizos serán os determinados polo Regulamento para a xestión do SAF do Concello de O Valadouro, pola Lei Galega de Servizos Sociais 13/2008, do 3 de decembro, e a Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar.

**Artigo 3.- SUXEITO PASIVO E RESPONSABLES.**

1.- Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes do mencionado prezo público:

a) As persoas físicas e unidades de convivencia que, tendo recoñecida a situación de dependencia e prescrito o SAF na resolución aprobatoria do Programa Individual de Atención (en diante PIA), residan no Concello de O Valadouro e sexan receptores/as ou beneficiarios/as dos citados servizos.

b) As persoas físicas e unidades de convivencia que, non tendo recoñecida a situación de dependencia ou, ténndoa recoñecida, non lle corresponde a efectividade do dereito ás prestacións de dependencia conforme ao calendario establecido na Lei Galega de Servizos Sociais 13/2008, do 3 de decembro, e na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar, se lles prescriba o servizo polos Servizos Sociais Comunitarios dentro da modalidade de libre concorrencia, sempre e cando residan no Concello de O Valadouro e sexan receptores/as ou beneficiarios/as dos citados servizos.

**ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS.**

1.- Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

**ARTIGO 5.- BASE IMPOÑIBLE.**

1.- A base de gravame estará constituída por dúas magnitudes: A capacidade económica persoal da persoa usuaria e o tempo de utilización do servizo.

2.- A capacidade económica persoal determinarase en atención á renda vixente cada ano de prestación do servizo.

a) Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calcularase en función á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, e así como das débedas e obrigas persoais das que deba de responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o

imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.

e) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, enténdendose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

f) A capacidade económica por razón da renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: O/A perceptor/a ou perceptores/as de rendas computadas e, se é o caso, o/a cónxuxe e os/as ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores/as.

g) A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

h) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

#### ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

1.- A cota tributaria será o resultado de aplicar unha porcentaxe do custo do servizo á capacidade económica persoal determinada segundo o recollido no artigo anterior.

2.- O custo do servizo virá determinado polo custo de referencia que estableza a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o ano de prestación do servizo e que no ano 2009 está fixado en 12 euros/hora. O custo do servizo inclúe, ademais das tarefas de carácter doméstico e/ou persoal, as funcións de xestión, coordinación, planificación, execución, seguimento e avaliación global do mesmo.

3.- As tarifas ou cota mensual establecerase de acordo coa seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA		
PERSOAL	% APORTACIÓN	COPAGO
<= 1 IPREM (<= 527,24 euros)	0%	0,00 euros/hora
> 1 IPREM <= 1,5 IPREM (527,25 <= 790,86 euros)	10%	1,20 euros/hora
> 1,5 IPREM <= 2 IPREM (790,87 <= 1.054,48 euros)	13%	1,56 euros/hora
> 2 IPREM <= 3 IPREM (1.054,49 <= 1.581,72 euros)	20%	2,40 euros/hora
> 3 IPREM <= 4 IPREM (1.581,73 <= 2.108,96 euros)	30%	3,60 euros/hora

> 4 IPREM <= 5 IPREM (2.108,97 <= 2.636,20 euros)	40%	4,80 euros/hora
> 5 IPREM <= 6 IPREM (2.636,21 <= 3.163,44 euros)	61%	7,32 euros/hora
> 6 IPREM <= 7 IPREM (3.163,45 <= 3.690,68 euros)	62%	7,44 euros/hora
> 7 IPREM <= 8 IPREM (3.690,69 <= 4.217,92 euros)	64%	7,68 euros/hora
> 8 IPREM (> 4.217,93 euros)	65%	7,80 euros/hora

#### ARTIGO 7.- DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

1.- Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír dende o momento en que sexa autorizado polo órgano municipal competente a prestación dos servizos regulados na presente ordenanza fiscal e os meses se presten efectivamente.

2.- O período impositivo coincidirá co mes natural.

3.- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público ou a actividade administrativa non se preste ou se desenrole, procederá á devolución do importe correspondente.

#### ARTIGO 8.- XESTIÓN.

1.- A xestión corresponde aos Servizos Sociais Comunitarios.

2.- A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se devenguen, ata a baixa do servizo e se firmará polo/a solicitante simultaneamente coa solicitude de prestación. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.

3.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases acordadas. No acordo de alta no servizo deberá figurar o prezo por hora que deberá aboar a persoa usuaria de acordo coa táboa recollida no artigo 6.3. da presente ordenanza. Así mesmo, calquera modificación no custo de referencia do servizo deberá notificarse ás persoas interesadas.

4.- Mensualmente, o órgano xestor realizará e aprobará as liquidacións correspondentes e remitirá á Tesourería Municipal os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e ingreso das cotas en fondos municipais.

#### ARTIGO 9.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.

1.- A inspección e recadación realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado e da Comunidade Autónoma reguladoras da materia, así como as disposicións dítadas para o seu desenvolvemento.

2.- As débedas resultantes do presente prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

**ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS E SANCIO NS.**

1.- Considéranse infractores/as os que sen a previa autorización municipal e abono das cotas aprobadas, se aproveiten dos servizos ou actividades previstas na presente ordenanza, e serán sancionados/as conforme ao disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen ou desenvolvan.

2.- En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

A presente ordenanza fiscal derroga a ordenanza número 16 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 1998 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 83 de data 14 de abril de 1998.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de novembro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación da presente ordenanza de conformidade co establecido no artigo 107.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación do texto da disposición impugnada no Boletín Oficial da Provincia e na forma establecida nas normas reguladoras de dita xurisdicción.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente conforme a dereito, competente

O Valadouro, a 24 de setembro de 2009.- O ALCALDE, Eulogio Fernández Sampayo.

R. 05345

**VIVEIRO***Edicto*

Teniendo en cuenta los artículos 168, 169, 170 y 177 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales 2/2004, y habiendo sido aprobado inicialmente en Pleno con fecha de 10 de agosto de 2009, se expuso al público en la oficina de Intervención municipal durante 15 días, desde el siguiente a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, los siguientes expedientes:

- Aprobación de la modificación presupuestaria 45/2009.

No habiendo reclamaciones en el expediente se entiende aprobado definitivamente. Como consecuencia de las anteriores modificaciones presupuestarias, el estado de gastos e ingresos del presupuesto municipal, en sus créditos y conceptos totales definitivos es el que sigue:

**GASTOS. POR CAPÍTULOS.**

<b>CAPÍTULOS</b>	
1º	5.730.225,24
2º	5.348.442,27
3º	312.809,30
4º	646.223,49
6º	1.810.279,39
7º	371.552,49
8º	12.000,00
9º	351.366,18
<b>TOTAL</b>	<b>14.582.898,36</b>

**INGRESOS. POR CAPÍTULOS.**

1º	3.591.519,80
2º	990.021,25
3º	3.286.370,27
4º	4.756.226,53
5º	105.175,91
7º	2.095.576,87
8º	6.102,00
9º	1.116.693,44
<b>TOTAL</b>	<b>15.947.686,07</b>

Viveiro, a 24 de setembro de 2009.- El Alcalde - Presidente, Melchor Roel Rivas.

R. 05342

**Administración de Justicia****Juzgados de Primera Instancia****BECERREÁ NUM. 1**

13550.

N.I.G.: 27006 1 0100240/2009.

Procedimiento: EXPEDIENTE DE DOMINIO. INMATRICULACION 0000175/2009.

Sobre EXPEDIENTE DE DOMINIO INMATRICULACION.

De D/ña.

Procurador/a Sr./a.

*Edicto*

DOÑA SONIA REY SALGUEIRO, JUEZ DEL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA Nº 001 DE BECERREÁ.